

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	10
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	13

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, preparar para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa, persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura
- ) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

### Educación Infantil:

Recóllense, a continuación, algúns dos modos nos que, desde esta etapa, se contribúe á adquisición das competencias clave.

#### CCL-Competencia en comunicación lingüística.

En educación infantil, poténcianse intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas, aos que se dota de intencionalidade e contidos progresivamente elaborados a partir de coñecementos, destrezas e actitudes que se vaian adquirindo. Con iso favorecerase a aparición de expresións de crecente complexidade e corrección sobre necesidades, vivencias, emocións e sentimentos propios e dos demais. Ademais, a oralidade ten un papel destacado nesta etapa, non só por ser o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conduta, senón tamén porque é o vehículo principal que lles permite ás nenas e aos nenos gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria.

#### CP-Competencia plurilingüe.

Iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Deste xeito, promóvense o diálogo e a convivencia democrática.

#### STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

As nenas e os nenos iníciase nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. O proceso de ensino e aprendizaxe na educación infantil expónse nun contexto suxestivo e divertido no que se estimula, desde un enfoque coeducativo, a curiosidade das nenas e dos nenos por entender aquilo que configura a súa realidade, sobre todo o que está ao alcance da súa percepción e experiencia, respectando os seus ritmos de aprendizaxe. Para o desenvolvemento desta competencia clave, préstaselle unha especial atención á iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, á manipulación de obxectos e á comprobación de fenómenos.

#### CD-Competencia dixital.

Nesta etapa, iníciase o proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.

#### CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Resulta especialmente relevante que as nenas e os nenos se inicien no recoñecemento, na expresión e no control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e que avancen na identificación das emocións e dos sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía.

#### CC-Competencia cidadá.

Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécense nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Convídase tamén á identificación de feitos sociais relativos á propia identidade, diversidade familiar e cultura.

#### CE-Competencia emprendedora.

A creación e a innovación son dous factores clave para o desenvolvemento persoal, a inclusión social e a cidadanía activa ao longo da vida. A educación infantil é unha etapa na que se estimulan a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe, o cal supón unha oportunidade para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas.

#### CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Para que as nenas e os nenos constrúan e enriquezan a súa identidade, foméntase nesta etapa a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas. Así mesmo, axúdase ao desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través dun primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas.

### Educación Primaria:

#### CCL: competencia en comunicación lingüística.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

CP: competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

CD: competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.

CC: competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial.

CE: competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

#### Educación Infantil:

Nos dous ciclos desta etapa, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores.

Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomenten uns hábitos saudables.

Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

#### Educación Primaria:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as disciplinas.

A consellería competente en materia educativa fomentará a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Así mesmo, a consellería competente en materia educativa promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o

respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe comprender, en todo, caso a prevención da violencia de

xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a

partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha

única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Así mesmo, a intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade dos alumnos, poñendo especial énfase na atención personalizada, a prevención das dificultades de aprendizaxe, a realización de diagnósticos precoces e a posta en práctica de mecanismos de apoio e reforzo para prever e, no seu caso, intervenir tan pronto como se detecten estas dificultades.

Tendo en conta isto a metodoloxía didáctica a seguir será a seguinte

1. Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lles permitan aos alumnos avanzar cara os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
2. A acción docente promoverá que os alumnos/as sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.
3. Fomentarase a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual para os alumnos/as.
4. Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, escritura, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e a expresión oral mediante debates ou presentacións orais.
5. A actividade da aula favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo.
6. Así mesmo, poderanse realizar agrupamentos flexibles en función da tarefa e das características individuais dos alumnos/as co obxecto de realizar determinadas tarefas de enriquecemento ou reforzo.
7. Procurarase organizar os contidos ao redor de núcleos temáticos próximos e significativos.
8. O espazo deberá organizarse en condicións básicas de accesibilidade e non discriminación necesarias para garantir a participación de todos os alumnos/as nas actividades da aula e do centro.
9. Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto no que se refire ao contido como ao soporte.

Metodoloxía activa e participativa

O alumno/a ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe. É o alumno/a o que irá construíndo a súa propia aprendizaxe mediante propostas nas que recorra a materiais manipulables para descubrir contidos, a través da toma de decisións, cooperación

Entre estas propostas destacan a aprendizaxe partindo da manipulación, a aprendizaxe cooperativa, e aprender a pensar.

-Aprendizaxe partindo da manipulación: utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.

-Aprendizaxe cooperativa: propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.

-Aprender a pensar: mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de pensar. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo .

En educación Infantil:

A práctica educativa nesta etapa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno. Ademais, deberá levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro.

A dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos.

Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas para cada unha das áreas. Así mesmo, velarase por garantir desde o primeiro contacto unha transición positiva desde a contorna familiar á escolar, así como



a continuidade entre ciclos e entre etapas.

En Primaria faremos especial fincapé no uso das situacións de aprendizaxe que deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro, e do profesorado, a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinario.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta

a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Educación Infantil:

Guíamonos polas características desta etapa de infantil, na que é moi importante a selección de material, que debe ser moi variado e que sirva para desenvolver as capacidades xerais establecidas no decreto curricular, afectivas, físicas, intelectuais e axeitadas ás súas posibilidades que contribúan ao desenvolvemento integral en todos os ámbitos. Ao pretender facilitar ao alumnado un ambiente motivador e favorecedor do seu desenvolvemento, debemos plantexar non só as cualidades dos materiais didácticos senon tamén do mobiliario para que reúna uns criterios:

condicións físicas: lixeiros, adecuado en tamaño, hixiénico, resistente

condicións estéticas: atractivo, acolledor

Condicións pedagóxicas: de mobilidade, polivalente, flexible...

O material didáctico ten como función aproximar ao alumnado a realidade, constituíndo un instrumento de primeira orde, a súa elección faise en función de:

- Os obxectivos da etapa



- As situacións educativas
- O nivel de desenvolvemento do alumnado
- As situacións que desexamos propiciar

Outros aspectos a ter en conta é que sexan seguros, resistentes, duradeiros, fáciles de manexar, counha finalidade pedagóxica, atractivos, que inviten a experimentar. Así como ter en conta a súa colocación sempre situados ao alcance do alumnado para a súa utilización libre e colocado e clasificado no recanto ao que pertence

Na Educación Primaria:

Os criterios de selección dos materiais curriculares que se tiveron en conta son os seguintes:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
  - Correspondencia dos obxectivos establecidos cos enunciados na Concreción curricular.
  - Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos, presenza dos diferentes tipos de contido e inclusión dos temas transversais.
  - A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
  - A claridade gráfica e expositiva.
  - A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
- Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas::
- Responde aos obxectivos do currículo para cada nivel.
  - O número de unidades organiza adecuadamente o curso.
  - Os obxectivos están claramente explicitados.
  - Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos.
  - A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento e maduración dos alumnos e alumnas.
  - Contempla contidos procedimentais e actitudinais.
  - A progresión é adecuada.
  - Integra dunha forma plena a presenza dos temas transversais.
  - Parte dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas.
  - Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
  - Desperta a motivación cara o estudio e a aprendizaxe.
  - Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
  - Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
  - A cantidade de actividades é suficiente.
  - Permiten a atención á diversidade.
  - As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
  - As informacións son exactas, actuais e científicamente rigurosas.
  - A información e as explicacións dos conceptos se expresan con claridade.
  - A linguaxe está adaptado ao nivel.
  - A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
  - O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
  - Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

Por outra banda, estimamos que contamos con recursos innovadores e adaptados para o desenvolvemento das competencias básicas establecidas para o currículo, fomentando as novas tecnoloxías e o tratamento da información dixital. Estes recursos, ademáis, presentanse para o alumnado como enriquecedor e atractivos.

En todas as áreas, o profesorado leva a cabo tamén material auto-elaborado, complementado con recursos dixitalizados e os libros de texto

#### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

Non procede

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

As actividades complementarias forman parte da Programación Xeral Anual e serán polo tanto aprobadas no Claustro e Consello Escolar de inicio de curso. O equipo directivo encargárase de xestionar os recursos económicos, de personal e materiais necesarios para levalas a cabo.

Na sala do profesorado expóranse coa antelación suficiente as datas para a realización desas actividades, coa finalidade de que todo o profesorado do centro poida adaptar as súas programacións semanais a ditas actividades.

Saídas. O coordinador de Dinamización de actividades extraescolares será o encargado de organizalas en canto a datas e destino. As demais xestións precisas para organizar cada unha das saídas serán competencia do equipo directivo: contratar transporte, comunicación á inspección?

Os titores/as acompañarán aos seus alumnos nestas actividades, a maiores a dirección do centro, chegado o momento, considerará a necesidade de que vaia algún mestre ou mestra máis de entre aqueles que teñan maior dispoñibilidade o maior afinidade na súa especialidade coa saída.

Dado o carácter pedagóxico das saídas, é recomendable que todo o alumnado asista. No caso de que algún alumno non traia a autorización asinada, ou que comunique ao seu titor que non vai asistir, este debe poñelo en comunicación da dirección. A dirección do centro intentará, na medida das súas posibilidades, a asistencia do alumno/a á actividade, no caso de que non fora posible o alumno/a debe acudir ao centro (de non existir causas que xustifiquen a súa ausencia.), onde será atendido por persoal docente.

Ditas actividades complementarias e extraescolares non forman parte do currículo oficial e, en consecuencia, non son susceptibles de avaliación académica.

### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Será o titor/mestre especialista do curso actual o encargado de elaborar un plan de reforzo para desenvolver no seguinte curso. Estes mestres terán que cubrir e entregar en secretaría para o seu arquivo no expediente de cada alumno/a o Plan de Reforzo segundo o modelo aprobado nas NOF do colexio antes do 30 de xuño.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a. A identificación da alumna ou do alumno.
- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g. Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as

dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a. A identificación da alumna ou do alumno.
- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g. Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Será o equipo docente do curso actual o encargado de elaborar un plan de reforzo para desenvolver no seguinte curso. Estes mestres terán que cubrir e entregar en secretaría para o seu arquivo no expediente de cada alumno/a o Plan de Reforzo según o modelo aprobado nas NOF do colexio antes do 30 de xuño.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa de educación primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo na sesión de avaliación final tomará as decisións pertinentes de forma colexiada. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado promocionará ao ciclo seguinte:

- Sempre que acadase o desenvolvemento adecuado das competencias.
- Cando non acadase as competencias, o grao de madurez adecuado ou ambas, pero considérase que esa circunstancia non lle impedirá seguir con aproveitamento o novo curso.
- Cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir o novo ciclo, e polo tanto, adoptaranse medidas de reforzo e apoio e o alumnado promocionará ao seguinte curso/etapa.

O alumnado non promocionará cando:

- Non logre a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e non alcance un axeitado grao de adquisición das competencias (Apoiado nos informes ou rúbricas que correspondan).
- Non acade as competencias, o grao de madurez adecuado ou ambas, e considérase que esa circunstancia lle impedirá seguir con aproveitamento o novo curso. (Apoiado nos informes ou rúbricas que correspondan)

O alumnado, permanecerá un ano máis no ciclo/etapa unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e seguirá un plan específico de reforzo e recuperación das competencias e das áreas que faciliten a superación das dificultades.

## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

## **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Os centros docentes desenvolverán o currículo do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
  - b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
  - c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
  - d) Metodoloxía.
    - a. Concrecións metodolóxicas.
    - b. Materiais e recursos didácticos.
  - e) Avaliación.
    - a. Procedemento para a avaliación inicial.
    - b. Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
  - f) Medidas de atención á diversidade.
  - g) Transversal.
    - a. Concreción dos elementos transversais.
    - b. Actividades complementarias.
  - h) Práctica docente.
    - a. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
    - b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.
- O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

Os centros docentes desenvolverán o currículo da educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos. As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a. Introducción.
  - b. Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
  - c. Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
  - d. Metodoloxía.
    - a. Concrecións metodolóxicas.
    - b. Materiais e recursos didácticos.
  - e. Avaliación.
    - a. Procedemento para a avaliación inicial.
    - b. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.
  - f. Medidas de atención á diversidade.
  - g. Transversal.
    - a. Concreción dos elementos transversais.
    - b. Actividades complementarias.
  - h. Práctica docente.
    - a. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
    - b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.
- O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

O alumnado procede na súa maior parte da parroquia de Nantes dos lugares da Vichona e do Vinquiño e da parroquia da Adina. A poboación adícase ao desempeño de traballos de tipo manual, da construción ou agrario e a negocios relacionados co sector servicios por ser unha importante zona turística.

O nivel socioeconómico das familias é medio-baixo. Segundo as enquisas que se realizaron ás familias en anos anteriores, o grupo ISEC ao que pertence o noso centro é baixo.

Este índice indica o nivel das familias no referente ao nivel de estudo, a situación laboral e profesional das familias e os recursos culturais e materiais dos fogares. O nivel baixo dos nosos alumnos e alumnas indica unha situación de desventaxa respecto dos alumnos doutros centros, polo que a nosa inclusión nos diferentes proxectos e programas esperamos que contribúa a mellorar esta situación.

O criterio principal para elixir un proxecto, plan pu programa será sempre o beneficio do noso alumnado e a mellora das súas competencias así como exercer un papel compensatorio de desigualdades respecto do alumnado das cidades e de núcleos de poboación maiores.

#### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade.

En cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
  - b) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
  - c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.
  - d) Clima de traballo na aula.
  - e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.
- As conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada un dos cursos.

En base as avaliacións poderán facerse modificacións da concreción curricular para adecuar a realidade do centro

#### **o) Outros apartados**